


An aerial photograph of a mountainous landscape. The terrain is covered in dense forest. Some areas show bare, brownish trees, while others have a thick canopy of green trees. The lighting suggests a sunny day, with shadows cast across the slopes. A semi-transparent, light-colored rounded rectangle with a green border is positioned in the upper left quadrant, containing text.

Boas prácticas para o
turismo de natureza na
serra do Courel:
unha proposta dende o
sector turístico

Boas prácticas para o turismo de natureza na serra do Courel: unha proposta dende o sector turístico

Documento promovido pola Asociación de Desenvolvemento Rural Serra do Courel e a Fundación Oso Pardo no marco do proxecto Life Oso Courel

Este documento foi elaborado no marco do proxecto Life Oso Courel polas entidades

- Fundación Oso Pardo.
- Asociación Desenvolvemento Rural Serra do Courel.
- Asociación Galega de Custodia do Territorio.
- Estación Científica de O Courel – Universidade de Santiago de Compostela.
- Sociedade Micolóxica Lucus.

OSO COUREL



Socios:



**XUNTA
DE GALICIA**



ASOCIACIÓN GALEGA DE
CUSTODIA DO TERRITORIO

Con el apoyo de:



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA



20
AÑOS

Naturgy



ESTACIÓN
CIENTÍFICA
DE O COUREL



Asociación de
Desenvolvemento Rural
Serra do Caurel



E con aportacións das seguintes persoas e/ou entidades:

- José Vicente López-Bao (Biólogo / Universidade de Oviedo).
- Lourdes González (Bióloga).
- Carlos Cortizo (Biólogo).
- Elvira Sahuquillo (Botánica / Universidade da Coruña).
- Fundación Uxío Novoneyra.

Introdución

A Serra do Courel, na montaña oriental de Lugo, é un territorio con particularidades xeográficas e biolóxicas e unha paisaxe singular, modelado pola actividade humana dende épocas ancestrais ata a actualidade. Como moitas outras zonas de montaña, na actualidade presenta unha baixa densidade de poboación e sofre un proceso de éxodo rural e economía en declive, fundamentalmente agropecuaria. Os seus importantes valores naturais propiciaron a súa declaración como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais de Galicia (Decreto 72/2004) e como Zona de Especial Conservación (ZEC) incluída na Rede Natura 2000 (Decreto 37/2014). Recentemente foi declarado como Xeoparque Mundial da UNESCO, e o Pregamento de Campodola-Leixazos está considerado Monumento Natural.

Como consecuencia da recente presenza do oso pardo na Serra do Courel, provocada polo proceso de recuperación da poboación da especie na Cordilleira Cantábrica, a Fundación Oso Pardo, en colaboración coa Xunta de Galicia e a Asociación Galega de Custodia do Territorio, puxeron en marcha o proxecto LIFE Oso Courel, financiado pola Unión Europea e con apoio económico da Fundación Biodiversidade e a empresa Naturgy. No marco do devandito proxecto estableceuse un acordo de colaboración entre a Fundación Oso Pardo e a Asociación de Desenvolvemento Rural Serra do Courel, e froito do cal xorde este documento de Boas Prácticas para o Turismo de Natureza na Serra do Courel.

Turismo de natureza, ecoturismo e turismo rural

O achegamento á Natureza e a biodiversidade é unha das principais motivacións dos turistas e visitantes para a elección do seu destino turístico. Segundo datos do Eurobarómetro “Preferencias dos europeos cara ao turismo”, en 2015 o turismo cultural, artístico e gastronómico é motivación principal de viaxe para o 29% dos viaxeiros europeos, seguida pola natureza, montaña e paisaxes, que é motivo de viaxe para o 23% dos viaxeiros. A natureza en xeral e a súa biodiversidade en particular espertan un notable interese na sociedade cada vez máis urbanizada do século XXI, que esixe que o seu desenvolvemento e promoción teña especialmente en conta a sustentabilidade ambiental das actividades e asegure a compatibilidade entre uso e goce do medio coa súa conservación adecuada. O turismo de natureza en España pode ser unha actividade económica xeradora de ingresos e emprego, que poña en valor a biodiversidade, asegurando a correcta conservación dos valores naturais do territorio e contribuíndo á súa utilización sustentable.

O ecoturismo defínese como “a viaxe a unha área natural para coñecela, interpretala, gozala e percorrela á vez que se aprecia e contribúe de forma práctica á súa conservación, sen xerar impactos sobre o medio e repercutindo positivamente na poboación local” (Declaración de Daimiel 2016). Por tanto, o ecoturismo, ademais de xerar emprego e ingresos, ten como feito diferencial, respecto a outros produtos turísticos, o beneficio que reporta para a conservación dos espazos naturais e o uso sustentable da biodiversidade.

O Observatorio de Ecoturismo en España, promovido pola Asociación Ecoturismo en España, desenvolveu en 2018 a primeira enquisa dixital sobre esta actividade. A primeira conclusión que se extrae é que o espazo natural protexido que se quere visitar é a principal motivación para os viaxeiros (78,5%), e que a maioría elixe o seu destino por referencias de persoas próximas ou experiencias previas. Ademais do aloxamento, o 50% dos viaxeiros realiza gasto en actividades relacionadas coa observación da natureza durante a súa viaxe de ecoturismo. O ecoturista tipo é un viaxeiro entre 35 e 49 anos (con paridade en canto a sexo), que viaxa en parella (un 30% con nenos), con vehículo particular e que se considera afeccionado á natureza, ten estudos superiores e traballa. O 40% dos enquisados identifícanse como afeccionados á natureza e o 33% como turistas culturais, aínda que só un 8% recoñécese como turista especializado en observación da natureza. Isto significa que o futuro deste produto pasa por estender o seu consumo a segmentos de demanda das cidades cun perfil de afeccionados á natureza e á cultura.

O ecoturismo pode entenderse como unha das múltiples opcións do turismo rural. Aínda que non existe unha definición única de turismo rural, enténdese de forma xeral que fai referencia a todas as actividades turísticas desenvoltas no espazo rural que cumpran algunhas condicións como tratarse de turismo difuso, por oposición ao turismo intensivo de sol e praia ou urbano, respectar o patrimonio natural e cultural, implicar a participación activa da poboación local e contribuír a manter as actividades tradicionais do medio. Trátase dunha actividade turística que experimentou un forte desenvolvemento desde os anos noventa en que comezou a súa expansión e promoción formal.

Segundo os resultados da enquisa de 2017 do Observatorio de Turismo Rural (da plataforma escapadarural.net e a Universidade de Barcelona), os empresarios galegos de turismo rural apostan en maior medida polos ecoturistas que a media nacional (24% fronte a 19%). O 51% dos empresarios galegos considera ao ecoturista como un tipo de cliente en alza e o 50% considera que contribúe á sustentabilidade da contorna e do seu negocio, aínda

que só un 29% ofrece actividades de ecoturismo de forma habitual e un 39% de forma esporádica. Desde o punto de vista do cliente, o 87% dos usuarios do turismo rural galego considéranse ecoturistas.

En síntese, pódese considerar que as actividades de ecoturismo son unha parte moi importante do turismo rural, que manteñen un importante potencial de crecemento vinculado non só ao sector tradicional de aloxamento e restauración senón tamén á oferta de actividades na natureza, pero que esixen altos niveis de calidade e sustentabilidade.

Formulación e obxectivos das Boas Prácticas

Os principais atractivos para o ecoturista atópanse nos valores naturais asociados ao espazo natural, pero tamén en gran medida na imaxe e singularidade de cada espazo, na oferta de actividades non masificadas e na compatibilización do turismo coa conservación dos recursos naturais e culturais.

Os principais obxectivos que se perseguen con este documento de Boas Prácticas e a súa aplicación na Serra do Courel son:

- Establecer a Serra do Courel como un destino turístico singular e diferenciado, caracterizado polos seus valores naturais e culturais, pola integración entre conservación da natureza e aproveitamentos humanos e pola ausencia de masificación.
- Contribuír á sustentabilidade da oferta turística e a conservación dos valores naturais e culturais do territorio.
- Mellorar a sensibilidade da poboación local cara aos valores naturais do territorio e a súa conservación, favorecendo o desenvolvemento rural vinculado ao ecoturismo e as actividades de turismo de natureza.
- Promover experiencias positivas de recreo e goce para os visitantes e turistas, con especial atención a colectivos como nenos e discapacitados, baseadas no respecto aos valores naturais e culturais, contribuíndo á sensibilización sobre os mesmos e a súa necesidade de conservación.

Aspectos xurídicos e de competencias do turismo de natureza

A norma básica que debe terse en conta é a Lei 42/2007, de 13 decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, cuxos principios deben ser aplicados á hora de desenvolver actividades que afecten as especies silvestres e os seus hábitats. No seu artigo 2 establece os principios que rexen a nivel estatal en materia de conservación do patrimonio natural e da biodiversi-

dade, entre os que destacan o mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais, a conservación da biodiversidade e da xeodiversidade, a utilización ordenada dos recursos e o aproveitamento sustentable do patrimonio natural, a preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe, a integración dos requisitos de conservación e uso sustentable nas políticas sectoriais ou a participación dos habitantes e dos propietarios dos territorios incluídos en espazos protexidos nas actividades coherentes coa conservación do patrimonio natural e da biodiversidade e nos beneficios que se deriven delas.

A integración dos requisitos da conservación e uso sustentable do patrimonio natural e a biodiversidade nas políticas sectoriais establécese mediante o desenvolvemento de plans sectoriais. No ámbito do turismo de natureza son relevantes os seguintes:

Real Decreto 1274/2011, do 16 de setembro, polo que se aproba o Plan estratéxico do patrimonio natural e da biodiversidade 2011-2017, en aplicación da Lei 42/2007. Neste plan estratéxico maniféstase que España é unha potencia turística mundial, o sector turístico é unha das bases da economía española e o turismo de natureza baseado en elementos da biodiversidade e o patrimonio xeolóxico ha experimentado un importante e rápido crecemento nos últimos anos, supoñendo unha relevante fonte de ingresos e de xeración de postos de traballo en contornas rurais con valores naturais. Defínese o turismo de natureza, diferenciando claramente o ecoturismo e o turismo activo, e exponse que o turismo de natureza ten gran potencial para o desenvolvemento socioeconómico pero tamén pode ter repercusións negativas sobre a conservación do medio natural e biodiversidade se non se axusta a un modelo sustentable. Así, é preciso avanzar na súa xestión para asegurar a compatibilidade das actividades turísticas coa conservación da biodiversidade. Unha das metas do Plan é fomentar a integración da biodiversidade nas políticas sectoriais, e un dos obxectivos desta meta é promover a sustentabilidade do turismo de natureza.

Real Decreto 416/2014, do 6 de xuño, polo que se aproba o Plan sectorial de turismo de natureza e biodiversidade 2014-2020. Ten por obxecto o impulso e promoción dun turismo de natureza en España, como actividade económica xeradora de ingresos e emprego, que poña en valor a biodiversidade, asegurando a correcta conservación dos valores naturais do territorio e contribuíndo á súa utilización sustentable. Este Plan Sectorial entende por turismo de natureza aquel que ten como principais motivacións a realización de actividades recreativas, de espaxeamento, interpretación, coñecemento ou deportivas no medio natural. Dentro deste concepto teñen cabida diferentes modalidades que contan con definicións propias como poden ser o ecoturismo, o turismo activo ou o turismo de espaxeamento.

Ademais da Lei básica estatal de conservación da natureza, e dos dous instrumentos de planificación sectorial que a desenvolveron en materia turística, existen outros instrumentos normativos que é preciso ter en conta. As competencias en promoción e ordenación do turismo corresponden de forma exclusiva ás comunidades autónomas, e neste caso á Xunta de Galicia, como establece o seu Estatuto de Autonomía, e como se desenvolve na Lei 7/2011, do 27 de outubro, de Turismo de Galicia e toda a normativa complementaria. As administracións locais tamén teñen competencias que poidan afectar as actividades de turismo de natureza, como o plan urbanístico e ambiental, a concesión de licenzas, a promoción turística do concello, as derivadas da titularidade de camiños ou montes e outras. E sobre todas estas competencias sobrevoan as competencias normativas ambientais da Unión Europea, pois as Directivas comunitarias protexen tanto á biodiversidade como aos hábitats e a rede de espazos naturais Natura 2000 (Plan Director da Rede Natura 2000).

Impactos potenciais do turismo na Serra do Courel

Molestias á fauna. Aínda que na Serra do Courel non existe un turismo especificamente dirixido á observación de fauna, nin é previsible unha gran demanda como consecuencia das condicións do territorio e as especies existentes, non debe descartarse a xeración de molestias, non só en posibles actividades dirixidas á observación, senón tamén como consecuencia de ruído e presenza humana en zonas sensibles de alto valor de reprodución, refuxio ou alimentación. Un caso relevante pola súa alta sensibilidade son as posibles molestias a fauna troglobia ou de covas polo desenvolvemento de actividades de espeleoloxía ou visitas a simas ou cavidades.



Danos na vexetación e o chan. Trátase dun impacto potencial significativo a ter en conta na Serra do Courel, tanto porque a maior parte das actividades turísticas consisten en rutas, paseos ou excursións a pé e ás veces en vehículo, como pola especial sensibilidade de moitas formacións vexetais deste territorio. Algunhas das formacións vexetais de maior atractivo turístico de Courel, como algunhas praderías con abundancia de orquídeas, son moi sensibles a un excesivo tránsito desordenado. Tamén os chans son sensibles á compactación derivada dun uso irregular ou excesivo. A afluencia masiva fose de rutas ou camiños ou o uso de vehículos a motor son actividades potencialmente impactantes. Estes impactos son especialmente importantes en lugares de alto valor xeolóxico ou biolóxico.

Recolección de fauna, flora e elementos do medio. A recolección de fauna, como insectos ou réptiles, ou de rocas, fósiles e outros elementos da xea non é unha actividade habitual que produza impactos relevantes na Serra do Courel, pero si debe de ser controlada e sometida á regulación vixente, exixindo a solicitude dos permisos pertinentes. Con todo, os elementos e formacións xeolóxicas son importantes atractivos turísticos que deben ser protexidos fronte a danos por recollida de mostras, sobre todo o posible espolio aos fósiles. A recolección de plantas ou de fungos si pode xerar algúns impactos notables se se realiza de forma irregular ou descontrolada. En particular, a procura e recollida de fungos é un atractivo moi importante deste territorio. No caso das plantas, algunhas das formacións ou hábitats na que estas se atopan son de especial interese para Europa, polo que hai que prestar especial atención a non alteralas, máis aló mesmo das limitacións á recolección que marca a pertenza da Serra á Rede Natura, na que hai que fomentar a conservación dos seus valores naturais. A caza e a pesca fluvial son tamén actividades recreativas cun potencial impacto sobre o medio natural, aínda que existe regulación específica.

Contaminación e residuos. Afortunadamente non é un problema importante na actualidade na Serra do Courel, aínda que é previsible que unha maior afluencia de turistas poida supoñer un incremento do abandono de lixos e da contaminación asociada a vehículos ou instalacións. Para evitar este potencial impacto sería conveniente implementar unha adecuada recollida do lixo, pero sobre todo promocionar o comportamento cívico dos visitantes. Aínda que á marxe deste documento destinado ás boas prácticas turísticas, resulta imprescindible concienciar á poboación da necesidade de eliminar vertedoiros incontrolados como os de plásticos agrícolas que se acumulan especialmente nalgúns zonas da Serra.

Afeccións ao patrimonio cultural. O patrimonio cultural do Courel é moi importante e atópase repartido por todo o territorio (asentamentos castrexos, covas, explotacións mineiras, necrópoles, ferrerías, mazos, alvares, igrexas, pontes, arquitectura popular, etc). Ademais dos impactos asociados á desnaturalización do patrimonio que poden producirse ao desenvolver instalacións mal deseñadas, unha afluencia excesiva ou desorganizada pode producir impactos nos elementos culturais.

Afeccións a propietarios, actividades agrarias e gandeiras. O acceso a terreos privados ou a montes veciñais pode xerar efectos negativos cando se realiza sen autorización e de forma desordenada, especialmente se se pisan soutos ou cultivos ou se altera a disposición orixinal de portóns ou peches de leiras. A recollida de castañas en soutos privados e outros tipo de situacións similares xeran afeccións a propietarios e unha imaxe negativa da presenza turística.

Outras afeccións. Os riscos de incendios polo desprazamento de vehículos ou os usos inadecuados, a posible introdución de especies invasoras, a perda de valor paisaxístico e da percepción de naturalidade e tranquilidade asociada á presenza excesiva e/ou ruidosa de persoas, son algúns outros efectos negativos derivados dun turismo incontrolado. O efecto chamada que produce a promoción dos valores naturais ou a difusión por redes sociais pode contribuír a unha chegada masiva en determinados momentos ou lugares, dificultando a adecuada ordenación e repartición da presión turística.

O oso e o turismo na Serra do Courel

A presenza recente do oso pardo na Serra do Courel é un fenómeno positivo que atrae enormemente a atención dos medios de comunicación e dos potenciais visitantes. Aínda que a escasa presenza actual non altera as condicións e potencialidades turísticas, si que pode resultar un elemento atractivo que aumente o interese cara a este territorio. Non existen condicións para que se produzan actividades turísticas vinculadas á observación de osos, como si se produce noutras zonas da Cordilleira Cantábrica, nin sería desexable neste momento de recente expansión, aínda que a presenza desta especie debe ser tida en conta á hora de expor boas prácticas para os turistas e visitantes.

As actividades de observación de osos e outros grandes carnívoros levan desenvolvendo desde hai xa moitos anos en diferentes países de Europa e América do Norte, polo que existe abundante información, experiencia e diversas recomendacións sobre boas prácticas e normas de comportamento

dos participantes. Un exemplo interesante de boas prácticas para a observación de oso pardo desenvolveuse en Eslovenia, a través do Proxecto LIFE DINALP BEAR. En España, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente publicou en 2015 o “Manual de buenas prácticas para la observación de oso, lobo y lince”, en cumprimento do Plan Sectorial de Turismo de Natureza e Biodiversidade. Da cooperación entre os Grupos de Desenvolvemento Rural dos Territorios Oseiros do Principado de Asturias (“Asturias Tierra de Osos”) xurdiu ademais un decálogo de boas prácticas para a observación do oso que resume as principais pautas a seguir para realizar a actividade de maneira respectuosa e responsable. Estes documentos e recomendacións foron tidos en conta nas propostas do presente documento de boas prácticas para o turismo de natureza na Serra do Courel.

Boas prácticas para os turistas de natureza na Serra do Courel

As boas prácticas que se expoñen a continuación desenvolvéronse tendo en conta as particularidades e valores da Serra do Courel e a tipoloxía esperada dos visitantes e turistas de natureza. Baséanse tamén na experiencia previa de directrices similares elaboradas por diferentes organismos ou actores, como o Código ético do observador de aves de SEO/Birdlife (baseado á súa vez no código difundido pola American Birding Association), o Código ético do observador de fauna do proxecto “Asturias, terra de osos”, as Boas Prácticas para o turismo sustentable en Rede Natura 2000 do proxecto LIFE Infonatur ou o Decálogo de Boas Prácticas do turismo sustentable en contornas rurais desenvolto polo Observatorio de Turismo Rural.

As Boas Prácticas do turista de natureza na Serra do Courel resúmense nos seguintes puntos:

1. Informarse e respectar a normativa legal aplicable no territorio e as limitacións existentes para o desenvolvemento de actividades. Esta norma é importante no caso da planificación de actividades que poidan provocar alteracións máis ou menos significativas ao medio (espeleoloxía, barranquismo, fotografía de aves nos seus niños, etc.) No caso do ecoturista ou sendeirista, débese buscar información previa á visita ou consultar nas oficinas de turismo, os establecementos turísticos ou as empresas dedicadas a estas actividades radicadas na zona. É conveniente informarse tamén da normativa relativa á tenencia de animais de compañía e dos períodos e zonas de caza e as actividades previstas. Neste sentido, sería importante concienciar ao colectivo de cazadores da necesidade de que indiquen coa maior antelación posible onde se realizarán as batidas e que esa información poida estar así dispoñible en todos os establecementos hostaleiros e oficinas de turismo.

2. Preservar o benestar da flora e a fauna, os hábitats e os valores naturais do territorio, evitando molestias ou alteracións. Nas actividades de observación de fauna débense manter as distancias de seguridade que eviten alterar o comportamento dos animais, retirándose ou cesando a actividade se se detectan molestias. Noutras actividades débese transitar por camiños ou rutas habilitadas e preferentemente en pequenos grupos, evitando no posible pisar fóra de carreiros, camiñando sen facer ruído e sen depositar residuos ou desperdicios, modificar a contorna, facer fogueiras nin colleitar ou mover animais, plantas ou elementos naturais (excepto en actividades reguladas de recollida de fungos ou similares). Os cans de compañía deben ir atados ou próximos ao propietario e baixo control directo do mesmo. Ante a observación dun animal en perigo, un incendio ou outro problema ambiental débese avisar inmediatamente ao 112 ou aos axentes ambientais.

3. Planificar as actividades turísticas, de lecer ou deportivas con antelación, informándose dos valores ambientais e culturais presentes e singulares do territorio e deseñando a actividade de forma que se minimicen os posibles efectos negativos. Na Serra do Courel non teñen cabida actividades masivas que poidan xerar molestias e impactos e débese optar por actividades respectuosas desenvoltas en grupos pequenos e baseadas sobre todo no goce e interpretación da paisaxe e os valores naturais ou culturais. É conveniente planificar viaxes fóra das tempadas de maior afluencia para gozar de tranquilidade e contribuír a diversificar os servizos turísticos.

4. Respetar a propiedade privada, os valores culturais do territorio e a forma de vida das persoas que habitan na zona. Non se debe entrar en terreos privados nin recoller castañas ou outros froitos en zonas privadas sen autorización dos propietarios. Deben deixarse as portas e cercados no mesmo estado en que se atoparon,



sen molestar ou mover ao gando. Hai que comportarse educadamente e de modo cordial coas persoas que se atopen na zona, respectando e tendo en consideración os seus costumes e intereses e evitando interferir na súa actividade diaria.

5. Utilizar os servizos locais, tanto de establecementos de turismo rural para aloxamento e comidas, como de empresas especializadas e guías para realizar actividades de ecoturismo ou interpretación da natureza. Débense escoller os establecementos e profesionais que coñezan ben a zona e que garantan o cumprimento das boas prácticas. É moi aconsellable completar a experiencia da visita co goce da gastronomía e o consumo ou compra de produtos locais, que ademais de ter gran calidade, contribúen a manter as economías rurais e os usos do territorio.

6. Respetar a outros turistas ou usuarios que se atopen na zona. Débense evitar molestias a outros visitantes evitando producir ruídos excesivos, obstruír o paso con vehículos ou persoas, ocupar lugares en exclusiva ou levar cans soltos descontrolados.

7. Compartir a experiencia con outros observadores de forma razoable. A información de interese pode ser compartida en redes sociais ou foros especializados, pero debe evitarse a difusión masiva de localizacións de especies sensibles ou ameazadas e calquera acción que xere un risco de masificación turística en lugares delicados. Débense difundir entre outros viaxeiros os valores de sustentabilidade e conservación da natureza.



Ademais, pódense achegar algunhas recomendacións específicas para o desenvolvemento dalgunhas actividades máis concretas en Courel, e sempre procurando seguir esta norma:

- No caso das rutas sinalizadas ou en camiños tradicionais non saírse nunca do camiño.
- No caso de rutas non sinalizadas ou fóra de estes camiños tradicionais, é aconsellable contar cun guía que, ademais do seu labor interpretativo, informaranos da conveniencia de realizar esa ruta ou das condicións nas que se podería levar a cabo.

Recomendacións específicas para deportes e turismo activo na natureza

- Solicitar autorizacións para as actividades e permiso aos propietarios se se vai a entrar en terreos privados.
- Planificar adecuadamente a actividade, avaliando os impactos ambientais da mesma e buscando posibles alternativas en canto a localización, datas, número de participantes, etc. Evitar en todo o posible as actividades moi numerosas en participantes.
- Informarse dos valores ambientais presentes na zona onde se desenvolva a actividade e das restricións derivadas pola súa presenza.
- Reducir e controlar os impactos relacionados con aparcadoiro, ruído, necesidades fisiolóxicas, lugares para durmir e lavarse, residuos, etc.
- En actividades de escalada, barranquismo e/ou descenso de canóns en grupo utilizar soamente as vías establecidas, sen arrincar a vexetación presente, sen abrir vías novas ou alternativas e preservando ao máximo os valores xeolóxicos da zona.

Trails, carreiras por montaña e actividades organizadas similares

Ante o auxe que están a ter este tipo de probas, é necesario que o desenvolvemento de carreiras por montaña e actividades similares (carreiras verticais por montaña, carreiras Ultra, camiñadas, marchas, maratóns, cros, triatlón/dúatlón de montaña, raids de aventura e outras especialidades similares) axústese ás directrices e recomendacións da “Guía de boas prácticas para o desenvolvemento de carreiras por montaña en espazos naturais protexidos” elaborada por EUROPARC-España en colaboración coa Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME). En todo caso, estas actividades deben cumprir os seguintes requisitos:

- Contar con autorización do órgano ambiental competente da administración, ademais doutras autorizacións necesarias (entidades locais, propietarios de terreos e titulares de aproveitamentos, etc).
- Deseñar a actividade evitando as áreas sensibles, fráxiles ou singulares ao paso continuo de corredores.
- Informar de maneira detallada aos participantes dos valores naturais, etnográficos e paisaxísticos de cada un dos puntos polos que discorre o percorrido, así como dos valores xerais da Serra. Recoméndase elaborar un documento de boas prácticas ambientais para participantes, acompañantes e público.
- Situar a saída, meta, avituallamentos e áreas de espectadores en lugares de máxima accesibilidade e mínima sensibilidade ambiental (zonas urbanas, áreas recreativas, aparcadoiros, contorna vías de comunicación, etc)
- Desenvolver o percorrido pola rede viaria existente (pistas pavimentadas ou de terra, rutas e carreiros sinalizados ou consolidados, camiños tradicionais), evitando o paso campo a través e o trazado sobre zonas húmidas, fráxiles ou con problemas de erosión.
- Utilizar materiais biodegradables para a marcaxe da proba, así como para os avituallamentos, balizando o percorrido con marcas temporais que han de retirarse inmediatamente tras a proba, evitando todo tipo de pintura ou marcas sobre elementos naturais.
- Establecer un plan de recollida de residuos e limpeza en puntos de aglomeración e en todo o trazado.
- Evitar masificación en cada proba e limitar o número de probas, evitando a súa programación nos períodos especialmente sensibles para a flora e fauna da Serra.

Ciclismo de montaña

No caso de probas deportivas organizadas, as recomendacións coinciden coas de trails e carreiras de montaña. No caso de grupos ou persoas sen afán competitivo recomendamos utilizar unicamente pistas forestais. En ambos os casos, deben evitarse os carreiros habilitados para sendeirismo.

Vehículos a motor

Non é recomendable, por moitos dos motivos anteriormente expostos, este tipo de turismo na Serra do Courel salvo excepción xustificada e dirixido por algunha empresa debidamente acreditada cuxo obxectivo sexa a observación de fauna segundo os preceptos expostos neste documento.

Recomendacións específicas para fotografía na natureza

- Solicitar autorizacións para a fotografía de especies ameazadas ou lugares que o requiran, así como solicitar permiso aos propietarios se se vai a entrar en terreos privados.
- Coñecer perfectamente o comportamento e as necesidades de conservación das especies para fotografar e o seu hábitat.
- Evitar calquera molestia á fauna, especialmente en época reprodutora e condicións meteorolóxicas desfavorables (choiva, frío, neve...), interrompendo a actividade se se sospeita calquera molestia ou alteración do comportamento.
- Non utilizar ningún método de atracción da fauna ou alimentación artificial, nin capturar ou manipular aos animais ou plantas.
- Non cortar ramas nin vexetación para camuflarse ou realizar fotografías.

Recomendacións específicas para recollida de fungos

- Solicitar as autorizacións pertinentes para os espazos que o requiran e pedir o permiso aos propietarios se se vai a entrar en terreos privados.
- Informarse dos valores ambientais presentes na zona onde se realice a actividade e das restricións derivadas pola súa presenza.
- Reducir e controlar os impactos relacionados con aparcadoiro, necesidades fisiolóxicas, residuos, piso excesivo dos terreos, etc. En todo debe evitarse alterar a flora e fauna da zona.
- Respetar as normas indicadas na lexislación vixente sobre aproveitamentos micolóxicos (actualmente recollidas o Decreto 50/2014), tales como:
- Os cogomelos extraeranse coidadosamente coa punta da navalla desde a base do pé, de maneira que queden enteiras e tendo visibles todos os caracteres que permitan a súa correcta identificación sen danar o micelio, Unha vez extraídas repoñerase a terra ou follas de maneira que o terreo quede nas condicións orixinais.



- Deixaranse intactos os exemplares que non se vaian a recoller.
- Os recipientes utilizados para o traslado e almacenaxe serán cestas ou recipientes de material permeable abertos pola súa cara superior que permita a súa aireación e a dispersión de esporas.
- Está prohibido remover o chan de maneira que prexudique a cobertura vexetal superficial (salvo en fungos subterráneos sempre que se deixe o terreo nas condicións orixinais) e usar anciños, aixadas ou calquera outro instrumento que altere a parte vexetativa do fungo.
- Está prohibido romper ou deteriorar calquera exemplar que non sexa obxecto de recolección, recoller cogomelos nas primeiras ou últimas fases de desenvolvemento, recoller, alterar ou estragar exemplares de especies protexidas e utilizar bolsas de plástico ou similares para trasladar ou almacenar os cogomelos. Está prohibido recoller cogomelos pola noite.
- Ter en conta as limitacións establecidas pola lexislación vixente para cada tipo de aproveitamento (para consumo propio, comercial ou científico-didáctico).

Recomendacións específicas para actividades en covas

- Informarse e dispoñer dos permisos necesarios para a entrada na cova, abrigo ou mina abandonada. Debe evitarse a entrada en lugares moi sensibles e non accesibles ao turismo.



- Non se debe utilizar equipos ou materiais que poidan danar as cavidades. Débese evitar o uso de carbureros.
- Nas covas débese entrar en grupos pequenos, evitando internarse nas galerías máis estreitas. Nas covas que poden ser visitadas é conveniente utilizar sempre os mesmos percorridos.
- Non se debe colleitar nada en absoluto das covas, nin danar as formacións xeolóxicas, nin modificar as correntes ou acumulacións de auga, nin colocar pedras ou madeiras en zonas de paso.
- Non se debe alumar directamente á fauna cavernícola, nin molestar ou manipular de ningunha maneira aos morcegos. Débese evitar acceder ás salas ou galerías con presenza de colonias de quirópteros e débese avisar á administración dos achados que se produzan.
- Convén lavar e desinfectar o material, a roupa e as botas utilizadas durante a actividade, de modo que se minimize a diseminación de fungos e bacterias.
- Non se debe deixar ningún residuo nin resto de comida ou material no interior das covas.

Boas prácticas para os establecementos e profesionais turísticos da Serra do Courel

Para garantir a sustentabilidade ambiental do turismo de natureza é fundamental a implicación dos usuarios e visitantes no cumprimento das boas prácticas, pero resulta tamén imprescindible a colaboración e participación dos empresarios e profesionais do ecoturismo e o turismo rural na Serra do Courel. Este documento de boas prácticas nace dunha proposta realizada pola Asociación de Desenvolvemento Rural “Serra do Courel”, xa que é o propio sector turístico o que se organizou neste territorio e o que quere promover uns aproveitamentos turísticos baseados na sustentabilidade e na conservación dos valores naturais e paisaxísticos deste territorio. Preséntase a continuación un código de boas prácticas voluntarias a desenvolver polos establecementos, empresas e profesionais turísticos da Serra do Courel.

1. Dispoñer dos permisos e autorizacións necesarios para a actividade concreta que se desenvolva. No caso de actividades ecoturísticas débese contar tamén co permiso dos propietarios para acceder aos destinos que se atopen en propiedades privadas ou públicas. Débese coñecer a normativa de aplicación ao territorio para informar adecuadamente os turistas das opcións e limitacións de cada actividade.

2. Contar co coñecemento e colaboración da poboación local (veciños, gandeiros, propietarios, etc) na planificación e desenvolvemento da actividade, procurando que sexa aceptada e valorada positivamente na contorna en que se desenvolve. Débese contar cos produtores locais e sustentables de alimentos, artesanía ou servizos complementarios, tanto para o aprovisionamento dos establecementos de turismo rural como para recomendar e promover o consumo e compra aos clientes turistas. Débese favorecer o contacto dos turistas con persoas locais para que poidan coñecer o seu modo de vida, costumes e tradicións.

3. Coñecer os valores naturais e culturais do territorio, así como as infraestruturas e servizos que convén recomendar aos turistas (rutas, puntos de interese, centros de información). No caso de establecementos, débese contar con guías, libros, folletos ou outro material informativo a disposición dos clientes, que facilite o coñecemento dos valores naturais e culturais por parte dos turistas. No caso de servizos de ecoturismo, deberase contar con coñecemento teórico e práctico suficiente sobre os valores naturais e culturais, de maneira que se poida realizar unha adecuada interpretación durante o desenvolvemento das actividades.

4. Promover actividades turísticas sustentables, que permitan a conservación dos valores naturais do territorio e da súa herdanza e marco histórico e cultural. Na Serra do Courel se aposta por un ecoturismo non masificado, optando por actividades con grupos pequenos e baixo impacto, preferentemente a pé ou bicicleta, e evitando actividades de maior impacto (rutas en 4x4, quads, barranquismo, etc). Evitarase o desprazamento en vehículos con motor fóra de estradas. O número de participantes axustarase á capacidade de carga de cada lugar e, en todo caso, as actividades que supoñan unha presenza numerosa de participantes ou outras características potencialmente xeradoras de impactos deberán ser adecuadamente avaliadas, considerando alternativas e opcións de datas, emprazamentos e número de persoas, antes de tomar a decisión do seu desenvolvemento.

5. Informar aos turistas clientes do contido do presente documento de boas prácticas, explicando o compromiso adquirido para cumprir as boas prácticas por parte do establecemento ou servizo turístico e informando da necesidade de que o turista cumpra á súa vez as recomendacións correspondentes ao desenvolvemento da súa actividade. Débense fomentar entre os clientes comportamentos adecuados e respectuosos coa normativa e os recursos naturais e culturais, especialmente en aspectos como a necesidade de controlar os cans de compañía, a imposibilidade de facer fogueiras, acampada libre ou colleitar flora, fauna ou xea e a necesidade de autorizacións para acceder a lugares privados ou zonas sensibles.

6. Sensibilizar aos turistas clientes sobre os valores naturais e culturais do territorio, a figura de espazo da Rede Natura 2000, a necesidade de conservar a biodiversidade, os recursos xeolóxicos, a paisaxe e o patrimonio cultural. No caso de actividades de ecoturismo, a sensibilización debe ser un elemento central da actividade.

7. Proporcionar ao turista cliente un experiencia singular e completa de turismo sustentable, facéndolle partícipe da beleza da paisaxe e os valores naturais e culturais, recomendando as mellores opcións e facilitando un escenario de tranquilidade, comodidade, acceso a información e recursos da zona como gastronomía e outros. Os establecementos de aloxamento e comida deben ofrecer opcións de actividades de ecoturismo ou contacto con profesionais locais que as desenvolvan. Os guías e profesionais de ecoturismo deben ofrecer opcións de aloxamento e gastronomía local.

8. Contribuír ao coñecemento dos efectos do turismo na Serra do Courel mediante a recollida de información dos visitantes e as actividades realizadas. Débese buscar a participación dos visitantes, de tal modo que poidan comunicar aos establecementos calquera impacto ou alteración que poidan detectar, a fin de corríxila a curto-medio prazo.

9. No caso de actividades que inclúen a recolección de recursos, como a recollida de castañas ou fungos, débese contar cos permisos que resulten necesarios, a autorización dos propietarios e débense realizar acompañados dun guía ou persoa responsable que axude a interpretar e coñecer os elementos localizados e a realizar unha recollida sustentable e proporcional, evitando danos ás formacións ou lugares.

